

ORDENANZA 3.07 TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, a que se refire o art. 20.4 apartado a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), que se regulará pola presente Ordenanza Fiscal segundo o previsto no artigo 57 do devandito Real Decreto.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida para a tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes dos que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.
2. Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou o beneficio ainda que este non o solicitara.
3. Non estarán suxeitos a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigacións fiscais, as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos e os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en favor dos que se faga a expedición do documento ou a tramitación do expediente.

Artigo 4º. Responsables

1. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5 . Base imponible

Constituirá a base imponible da presente exacción a natureza dos expedientes a tramitar e documentos a expedir.

Artigo 6. Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada según a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, dacordo cas tarifas que contén os apartados seguintes.

A) Certificados relativos o censo de poboación.

- | | |
|---|--------|
| 1. Certificado de empadronamiento no censo de poboación | 1,10 € |
| 2. Certificado de convivencia e residencia | 1,10 € |

B) Documentos expedidos polo servicio de Urbanismo.

- | | |
|--|---------|
| 1. Certificados relativos as solicitudes de información urbanística ou análoga e no caso de vivenda unifamiliar | 7,20 € |
| 2. Certificados relativos ás solicitudes de información urbanística ou análoga no cas de vivendas colectivas, entendendo por estas as que teñan máis de un baixo e andar | 18,00 € |
| 3. Para os demáis informes urbanísticos | 7,20 € |
| 4. Cartografía en soporte dixital: | |

Formato DGN:

- | | |
|---|----------|
| - Cartografía resolución 1:500..... | 10,00 € |
| - Cartografía resolución 1:1000..... | 7,00 € |
| - Cartografía resolución 1:2000..... | 4,00 € |
| - Plano cidade resolución 1:10.000 | 150,00 € |
| - Plano término municipal resolución 1:10.000 | 300,00 € |
| - Plano término municipal resolución 1:25.000 | 60,00 € |

Formato DWG:

- | | |
|---|----------|
| - Cartografía resolución 1:500..... | 12,00 € |
| - Cartografía resolución 1:1000..... | 8,00 € |
| - Cartografía resolución 1:2000..... | 5,00 € |
| - Plano cidade resolución 1:10.000 | 175,00 € |
| - Plano término municipal resolución 1:10.000 | 325,00 € |
| - Plano término municipal resolución 1:25.000 | 80,00 € |

Ortofotografía dixital escala 1:2.000 20,00 €

C) Depósitos, fianzas y aceptaciones de subastas y concursos.

- | | |
|--|--|
| 1. Pola expedición dos resgards dos depósitos que se constitúan na Tesourería Municipal, en subastas, concursos ou contratacóns directas, o 1% do importe do depósito. | |
|--|--|

D) Documentos extendidos ou expedidos por outras oficinas municipais.

- | | |
|--|---------|
| 1. Expedición dos títulos de propiedade de nichos e sepulturas dos cemiterios municipais,e as rectificacións de nomes nos títulos | 0,70 € |
| 2. Para os recoñecementos de poderes notariais..... | 7,20 € |
| 3. Expedición de certificacións e informes en expedientes de apertura ou traspaso de establecementos, o 3% do importe da taxa de apertura. | |
| 4. Por cada fotocopia realizada a pedimento de parte..... | 0,15 € |
| 5. Por cada edición das Ordenanzas Fiscais..... | 13,85 € |
| 6. Expedición de certificados emitidos polo Servicio de recaudación e de Xestión e Inspección tributaria | 1,65 € |

7. Por cada certificación ou informe que se expida a pedimento de parte referente a documento ou actos de data relativa ao último quinquenio de texto que non exceda dun prego escrito a dúas liñas, tanto a máquina como a man 1,05 €
Por cada outro folio 0,55 €
8. Expedición de informe relativo a accidentes de circulación realizados pola Policia Local 62,00 €
9. Expedición doutros informes 6,20 €

Se o documento ou acto a que se refire a certificación ou informe é anterior ao último quinquenio, duplicaránse as tarifas anteriores

E) Tramitación de expedientes administrativos.

1. Pola tramitación da formalización dos contratos administrativos, o interesado deberá pagar previamente na Tesoureira Municipal :
 - Cuando a cuantía do contrato sexa ata un máximo de 6010,12 € , a cantidad de 70,00 €
 - Pola cuantía do contrato que excede de 6010,12 € e ata 90.151,82 €, o 0,2% do exceso.
 - Pola cuantía do contrato que excede de 90.151,82 €, o 0,05% do exceso

O importe total da taxa será o resultante de sumar os valores correspondentes a cada tramo da cuantía do mismo.

O pagamento desta taxa dará dereito ao interesado a recibir unha copia do contrato. De solicitar algúns máis, pagará á razón de 1,05 € por folio.

2. Pola tramitación das solicitudes para participar nos procesos de selección do personal ó servicio da Administración Local.
 - Grupos A e B 24,10 €
 - Grupos C, D (agás policía municipal e servicio de extinción de incendios) e E 13,80 €
 - Grupo D da policía municipal e servicio de extinción de incendios ... 62,00€
3. Pola tramitación da solicitude da tarxeta magnética de acceso á zona monumental dos vehículos de tracción mecánica 7,20€
4. Pola tramitación das licencias de obras, ó un por mil do importe do proxecto, cun mínimo en calquera caso de 3,60€
5. Por cada impreso de declaracions ou autoliquidacions tributarias 0,70 €
6. Por cada impreso de solicitud, agás instancias xerais 0,20 €
7. Pola tramitación da solicitudes de bonobús 7,20€
8. Polo informe sobre prezos medios acordados nas mesas de prezos do Mercado de gando 1,90 €

Artigo 7º. Devengo

A taxa se devenga e nace a a obriga de contribuir ao se entregar a solicitude de expedición dos documentos e tramitación dos expedientes suxeitos ao tributo.

Artigo 8º. Normas de xestión

1. A taxa esixiráse en réxime de liquidación practicada polo procedemento de selo municipal adherido ou impreso mecánicamente no escrito de solicitude de tramitación do expediente ou no certificado emitido ou mediante liquidación practicada de oficio polos servicios económicos do Concello, debéndose ingresar neste caso a debida tributaria resultante, na Caixa de Recadación ou nas Entidades bancarias debidamente autorizadas.
2. Os escritos recibidos por correo, segundo establece o artigo 38.4.c) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, que non veñan acompañados do importe da taxa, serán admitidos provisionalmente pero non poderán tramitarse sen previa emenda da deficiencia, para o que se requirirá ao interesado co fin de que no prazo de dez días pague as cuotas correspondentes, coa advertencia de que de non facelo así, arquivarase sen máis trámite a solicitude.

Artigo 9º. Infraccións e sancións.

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.